

II SEMINARIO EMERXENCIA SOCIAL

Vigo, 27 xaneiro, 2012

A situación dos máis desfavorecidos no contexto actual: Panorama da inclusión social

**Carlos Gradín
(Universidade de Vigo)**

O contexto

- Vivimos nunha profunda recesión que tivo orixe en 2007 nunha crise financeira e nunha burbulla inmobiliaria pero que se trasladou de maneira moi directa a toda a economía, converténdose nunha crise global.
- A recesión agrávase polo contexto internacional e polas estratexias de axuste impostas pola UE, e a día de hoxe non se percibe unha saída a curto prazo, senón máis ben un agravamento da situación.
- A crise está tendo como efectos un formidable aumento do desemprego nun contexto de forte contracción do gasto público (e polo tanto das políticas sociais), e de aumento xeral dos impostos/taxas, que non fai senón agravar a situación.
- Nin Galicia nin a área de Vigo son ningunha excepción, e aínda que chegou con certo retraso pola menor implicación no boom inmobiliario, xa hai tempo que os efectos da crise estanse a notar de maneira moi aguda.
- Galicia perdeu 127 mil empregos, 140 mil parados máis (2007-2011, 3ºT, EPA, INE):
 - Ocupados en Galicia (España), perda de 11% dos empregos:
 - 2007 III: 1,214 millóns (20,5)
 - 2011 III: 1,087 millóns (18,156)

- Parados en Galicia (España)
 - 2007, 2ºT: 87,5 mil (1,760)
 - 2011 3ºT: 226,5 mil (4,978)
 - 2008-11 (3ºT): da perda de 103 mil empregos, a metade na construción (52 mil), pero tamén 38 mil na industria, 9 mil no agro e 4 mil nos servizos.
- Pero na provincia de Pontevedra perdéronse (2008-11) 58 mil, deles 21 mil na industria, 20 mil na construción, 12 mil nos servizos, 4 mil no agro.
 - É dicir, maior perda de emprego de Galicia (xunto con Ourense), especialmente polo maior impacto na industria e nos servizos.
 - Maior taxa de paro (21%) fronte a 16% (C), 11% (L), 18% (O), 17%(G).
- Especial incidencia do desemprego entre:
 - os máis novos: en Galicia, 33% nos menores de 25 anos (46% en España),
 - con estudos de primaria, 21% (32% en España), fronte a 12% (13%) de universitarios,
 - os estranxeiros 37% (33% en España) fronte a 16% (20%).
- Especialmente preocupante é o aumento dos parados de longa durada, xa que unha exposición prolongada ao desemprego é unha forma habitual de iniciar un proceso que leva á exclusión social (perda das prestacións, efecto desánimo, rotura do entorno familiar, impago de recibos, desahucio, ...):
 - 23% en Galicia leva máis de dous anos, outro 24% entre 1 e 2 anos
 - é dicir case a metade leva máis dun ano desempregado, co deterioro que iso supón.

- Caída do ingreso mediano mensual do fogar en Galicia entre 2008 e 2010 do 5%
 - Vigo, o maior entre as 7 grandes áreas urbanas de Galicia:
 - de 1.971 a 1.750€ (221€, 11%),
 - comparado con 60€ (3%) na Coruña.
- Aumento do risco de pobreza (ECV, IGE):
 - en Vigo do 12% a case o 16% (rendas 2007-09)
 - Sen aumento en Galicia (14%).
 - Aumento do 8.5% ao 11.7% na Coruña.
- Aumento dos que chegan con moita dificultade a fin de mes:
 - Vigo: do 13.5 ao 26.4% (12 puntos), é dicir de 20 mil a 41 mil fogares.
 - Fronte ao 15% en Pontevedra ou o 16% na Coruña.
- Incremento dos que dependen totalmente das prestacións sociais:
 - Vigo: do 21 ao 26% (2008-09)
 - Na Coruña mantívose no 22%.